

PLAN DIXITAL

[IES LAMAS DE ABADE]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

IES Lamas de Abade. (Código do centro 15023466)

Rúa Raiola, N.º 8 , CP 15702

Santiago de Compostela.

A Coruña.

E-mail: ies.lamas.abade@edu.xunta.gal

Web: www.edu.xunta.es/centros/ieslamasabade

Etapas Educativas: ESO (FP-Básica), BACH Científico Tecnolóxico, BACH Humanidades e Ciencias Sociais, Ciclos Formativos de FP (Peiteado e Estética; Estética e beleza; Peiteado e cosmética capilar; Farmacia e Parafarmacia; Coidados auxiliares de enfermaría; Estética integral e benestar; Próteses dentais; Anatomía patolóxica e citodiagnóstico; Documentación e administración sanitarias; Emerxencias sanitarias; Coidados auxiliares de enfermaría; Laboratorio clínico e biomédico).

Nº de alumnado en ESO: 89 mulleres e 106 homes, en total 195.

Nº de alumnado no BACH: 27 mulleres e 31 homes, en total 58.

Nº de alumnado en CICLOS Formativos: 510 mulleres e 119 homes, en total 629.

ALUMNADO TOTAL: 626 mulleres e 256 homes, en total 882.

Nº total de Profesorado: 87

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES Lamas de Abade é un centro de titularidade pública inaugurado no curso 83/84. Nun principio foi creado para ser un centro de formación profesional, pero hoxe en día é tamén un centro de educación secundaria.

Polas súas características xeográficas e sociais considérase un centro periférico e mixto por estar situado preto da zona rural. A procedencia do alumnado da ESO e Bacharelato é maioritariamente das parroquias circundantes como Sar, O Castiñeiriño, Aríns, Santa Lucía, etc. No caso da Formación Profesional, o centro conta coas familias profesionais de Sanidade e Imaxe persoal. Moitos dos seus alumnos proceden de distintas localidades da provincia de A Coruña, sobre todo do sur e tamén nos atopamos con alumnos procedentes de Pontevedra.

A nivel económico e cultural, a maioría do alumnado encádrase dentro da clase media, os seus pais realizaron estudos primarios ou de EXB e dedícanse ao sector terciario ou de servizos.

O centro está composto por seis edificacións: un edificio central; un edificio que acolle o salón de actos e o taller de unllas da familia de Imaxe Persoal; un edificio no que se sitúan o taller de Tecnoloxía da ESO, o taller de Emerxencias Sanitarias e a aula deste mesmo ciclo; un polideportivo;

un edificio que contén os talleres de peiteado e os anexos 1 e 2 que quedaron transformados nunha sala polivalente para o ciclo de imaxe persoal e un edificio no que se encontran os talleres de estética.

O edificio central consta de tres plantas. Na planta baixa atópase a biblioteca, o almacén de peiteado e estética, a conserxería, a secretaría, os despachos de xefatura de estudos e de dirección, a sala de profesores, a aula de música, a sala de reunións, a aula COVID, o despacho de orientación, a cafetería e oito aulas convencionais. No primeiro andar sitúanse o taller de enfermería, o laboratorio de bioloxía, un laboratorio de física e química, dous talleres de prótese dental, o laboratorio de análise 1, o laboratorio de microbioloxía, unha aula de informática con poucos equipos funcionais, a aula de enfermería e oito aulas convencionais. No segundo andar sitúanse a aula de debuxo, o laboratorio de análise 2, a aula de Farmacia e parafarmacia, a aula de Laboratorio de Análise, a aula de Documentación sanitaria, un aula de informática destinada aos ciclos formativos, a aula de francés, a aula de idiomas e un aula para impartir materias optativas. Todas as aulas están equipadas con computadora, canón proxector, pantalla e wifi. Para a práctica deportiva e o seu uso no tempo de lecer, cóntase ao aire libre cunha pista e zonas verdes.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/ 2006 do 3 de maio de Educación [LOE], modificada pola Lei Orgánica 3/ 2020 do 29 de decembro [LOMLOE] establece no seu artigo 2. I) como un dos fins do sistema educativo español, a capacitación para garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso seguro dos medios dixitais e respectuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía da intimidade individual e colectiva.

Así mesmo, no seu artigo 19, dispón como un dos seus principios pedagóxicos que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaránse en todas as áreas.

No artigo 102, con respecto á formación permanente recolle que as Administracións educativas promoverán a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación e a formación tanto en dixitalización como en linguas estranxeiras de todo o profesorado, independentemente da súa especialidade, establecendo programas específicos de formación nestes ámbitos.

No artigo 111bis, establece diferentes aspectos sobre as Tecnoloxías da Información e a comunicación no proceso de ensino -aprendizaxe e no artigo 121 di que o Proxecto Educativo Centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.

Na disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, explícita que os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Na **disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022, tamén se explícita que os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Así mesmo, a **resolución do 3 de setembro de 2021**, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, establece as instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Este Plan Dixital de Centro propón recoller as actuacións para mellorar a competencia dixital do Centro e de todos os sectores da comunidade educativa. O proceso de desenvolvemento e difusión das tecnoloxías é imparabile. Tanto para a mellora dos procesos educativos que ocorren fóra ou dentro da aula, como para aqueles procesos que contribúen a que os centros educativos cumpran a súa función formativa, consolidáronse xa unha serie de recursos, ferramentas e servizos. Por este motivo é necesario que abordemos a tecnoloxía desde unha perspectiva máis global, entendendo o Centro como a unidade de transformación e deseñando plans de mellora que poidan ser desenvolvidos co impulso do equipo directivo do Centro.

1.4. Proceso de elaboración

O deseño do Plan Dixital de Centro ha de recoller as ideas principais, determinar as prioridades e establecer os niveis de planificación que marcarán o plan de traballo do Centro escolar no seu proceso de cambio e mellora. Así mesmo, a participación do equipo directivo no proceso de deseño e implementación do Plan Dixital de Centro é clave, tanto pola visión global que pode achegar, como pola capacidade para mobilizar recursos da organización. O Plan Dixital de Centro debería permitir á comunidade educativa: visualizar onde quere que chegue o Centro, entender onde está actualmente e trazar o camiño que leve dun estado ao outro.

Seguindo as directrices marcadas dende o grupo ADIX estableceremos reunións de traballo do equipo de dinamización do Plan Dixital. A través delas iremos desenvolvendo cada un dos apartados correspondentes ao Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O IES Lamas de Abade conta ca seguinte dotación en equipamentos tecnolóxicos:

Edificio Principal

- **Planta Baixa**
 - ✓ Sala de Profesores: 6 ordenadores e una impresora.
 - ✓ Aula 02: 1 ordenador e unha pizarra dixital con un canón dixital.

- ✓ Aula 03: 1 ordenador e un canón dixital.
- ✓ Aula 04: 1 ordenador e unha pizarra dixital con un canón dixital.
- ✓ Aula 05: 1 ordenador e un canón dixital.
- ✓ Aula 05B: 1 ordenador e un canón dixital.
- ✓ Aula 06: 1 ordenador e unha pizarra dixital con un canón dixital.
- ✓ Aula 07: 1 ordenador e unha pizarra dixital con un canón dixital.
- ✓ Biblioteca: 4 ordenadores e un canón dixital.
- ✓ Aula de Música: 1 ordenador e un canón dixital.
- ✓ Orientación: 1 ordenador e 1 impresora.
- ✓ Taller de emerxencias: 13 ordenadores e un canón dixital.
- ✓ Taller de estética: 2 ordenadores.
- ✓ Taller de perrucaría 1: 1 ordenador.
- ✓ Taller de perrucaría 2: 1 ordenador.

- **Primeira Planta**

- ✓ Aula 11: 24 ordenadores, una impresora e un canón dixital.
- ✓ Aula 12: 1 ordenador e unha pizarra dixital con un canón dixital.
- ✓ Aula 13: 1 ordenador e unha pizarra dixital con un canón dixital.
- ✓ Aula 14: 1 ordenador e unha pizarra dixital con un canón dixital.
- ✓ Aula 14B: 1 ordenador.
- ✓ Aula 15: 16 ordenadores e un canón dixital.
- ✓ Aula 16: 1 ordenador e unha pizarra dixital con un canón dixital.
- ✓ Aula 17: 1 ordenador e unha pizarra dixital con un canón dixital.
- ✓ Aula 18: 1 ordenador e unha pizarra dixital con un canón dixital.
- ✓ Taller Enfermaría 1: 1 ordenador e un canón dixital.
- ✓ Taller Enfermaría 2: 1 ordenador.
- ✓ Laboratorio de FQ: 2 ordenadores.
- ✓ Laboratorio de Microbioloxía: 1 ordenador.
- ✓ Taller de próteses 1: 1 ordenador.
- ✓ Taller de próteses 2: 1 ordenador.

- **Segunda Planta**

- ✓ Aula 21: 13 ordenadores e un canón dixital.
- ✓ Aula 22: 5 ordenadores.
- ✓ Aula 23: 1 ordenador con un canón dixital.
- ✓ Aula 24: 8 ordenadores.
- ✓ Aula 24-B: 3 ordenadores.
- ✓ Aula 25: 3 ordenadores.
- ✓ Aula 26: 12 ordenadores e un canón dixital.
- ✓ Aula 27: 31 ordenadores e un canón dixital.
- ✓ Aula 28: 8 ordenadores.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Seguindo as indicacións establecidas polo Marco Europeo para as Organizacións Competencias Dixitais [DigCompOrg], a análise da situación do Centro atenderá ás tres dimensións que dito Marco establece: pedagóxica, tecnolóxica e organizativa. O marco europeo propón unha análise do Centro baseada en 7 elementos: Liderado; Colaboración e redes; Infraestrutura e equipos; Desenvolvemento Profesional continuo; Pedagogía: Apoio, Recursos e Implementación na aula; Prácticas de Avaliación e Competencias dixitais do alumnado.

Para realizar esta análise utilizamos a ferramenta SELFIE [autoreflexión], unha ferramenta en liña gratuíta que pretende axudar aos centros a reflexionar sobre como utilizan as tecnoloxías dixitais para conseguir unha aprendizaxe eficaz e innovadora.

Baseándose no marco da Comisión Europea para organizacións educativas competentes dixitalmente [Dig-compOrg] SELFIE axudounos a destacar o que está funcionando ben, onde é necesario mellorar e cales deben ser as prioridades do noso Centro. con esta ferramenta

Obtivemos unha instantánea do estado do Centro en relación ao uso das tecnoloxías dixitais, tendo en conta a opinión do profesorado, do alumnado e do equipo directivo.

Os resultados acadados móstranse na seguinte táboa na que a escala das respostas abrangue dende 1 Estou completamente en desacordo a 5 Estou moi de acordo:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,30	3,66	3,66	
	Profesorado		1,88	1,80	1,80	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		2,98	3,08	3,08	
	Profesorado		1,50	1,68	1,58	
	Alumnado		2,80	2,40	2,40	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,50	3,67	3,67	
	Profesorado		1,91	1,92	1,85	
	Alumnado		2,80	2,08	2,08	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,60	3,77	3,77	
	Profesorado		2,40	2,20	2,20	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,28	3,60	3,60	
	Profesorado		3,40	3,04	3,00	
	Alumnado		3,60	3,10	3,10	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,34	3,08	3,08	
	Profesorado		2,56	2,36	2,50	
	Alumnado		2,80	2,24	2,24	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,01	2,95	2,95	
	Profesorado		2,06	1,86	1,84	
	Alumnado		2,60	1,90	1,90	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,30	3,27	3,27	
	Profesorado		1,96	2,14	2,12	
	Alumnado		2,90	2,13	2,13	

Outra das fontes utilizadas para a análise DAFO foi o test de Competencia Dixital Docente (Test CDD). Con todo, a baixa participación do profesorado definitivo do noso centro (30% de participación), non permite extraer importantes conclusións. Algúns datos achegados por esta fonte son:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	20	67	29,90%
PROVISIONAL	5	11	45,50%
INTERINO	3	8	37,50%
SUBSTITUTO	2	5	40%
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74,2	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	74	Integrador/a (B1)	79,3	Integrador/a (B1)
BAC	77,8	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P.	73,8	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	6,7%
A2	11	36,7%
B1	8	26,7%
B2	7	23,3%
C1	2	6,7%
C2		
TOTAL	30	100%

2.3. Análise DAFO

Do estudo dos resultados da ferramenta SELFIE elaborouse o DAFO onde tratamos de pór de relevo cales son ao noso parecer as debilidades máis importantes que presenta o noso Centro, e que este grupo de traballo, propón mellorar cara á elaboración do Plan de Acción.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		Dificultades no acceso a internet para o ensino e a aprendizaxe.
	PERSOAL DOCENTE	O profesorado busca recursos educativos en liña.	Non debatemos sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino e a aprendizaxe con TD. Non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinarios utilizando TD. Non recibimos axuda para usar TD para fins de avaliación.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		Non aprende a crear contidos dixitais. Non aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa. Non aprende a codificar ou programar.
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	O centro dispón de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais.	Non contamos cunha estratexia dixital. Os espazos físicos non facilitan o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		Falta de tempo para explorar como mellorar o método de ensinanza con tecnoloxías dixitais.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		
	ALUMNADO	Unha parte importante do alumnado de FP dispón de dispositivos dixitais para o seu uso na ensinanza.	

3. Plan de Acción

O presente Plan de Acción ten por obxecto regular a actividade do grupo de traballo creado este curso 2021-2022 mediante o establecemento das actividades a desenvolver, os valores a conseguir e os responsables de levalas a cabo no marco de cada un dos obxectivos fixados para o curso 2022-2023.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O deseño do Plan Acción ha de recoller as ideas principais, determinar as prioridades e establecer os niveis de planificación que marcarán o plan de traballo do noso Centro no seu proceso de cambio e mellora. Así mesmo, a participación do equipo directivo no proceso de deseño e implementación do Plan de Acción é clave, tanto pola visión global que pode achegar, como pola capacidade para mobilizar recursos da organización.

Os obxectivos que nos marquemos deben ser específicos e concretos. Deben ser medibles, alcanzábeis, realistas e definidos no tempo.

Os obxectivos que aquí se enumeran foron expostos desde o grupo de traballo que se formou para impulsar este plan dixital:

- **Área de mellora:** Infraestruturas e equipos

Obxectivo: *Mellorar o acceso a internet en todas as aulas do centro para a utilización das tecnoloxías dixitais no ensino e a aprendizaxe.*

Con respecto a este obxectivo cabe sinalar que os resultados da enquisa SELFIE á pregunta “No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais” obtivo unha valoración moi baixa por parte do profesorado (1,8). Dado este resultado entendemos que existe unha demanda por parte do profesorado de mellorar as infraestruturas dixitais do noso centro para favorecer o ensino utilizando tecnoloxías dixitais. Así mesmo, destacamos como unha oportunidade que un elevado número do alumnado de formación profesional dispoña de dispositivos dixitais para o seu uso nas aulas.

Inicialmente o noso valor de partida é indeterminado a expensas de realizar o inventario do equipamento tecnolóxico do centro, que esperamos ter finalizado no primeiro trimestre do curso 2022-2023.

Tentaremos conseguir que a finais dese curso, polo menos unha cuarta parte das aulas que quedan sen acceso inalámbrico a internet obtéñano.

Para conseguilo, despois de realizar o inventario antes citado, cuxos responsables serán os membros do grupo de traballo, buscaremos a mellor solución técnica, presentando un orzamento ao equipo directivo que permita alcanzar ou mellorar ese 25% de aulas que quedan sen acceso inalámbrico e

obtéliano. Finalmente, e unha vez aprobado este orzamento, iniciar as obras e telas finalizadas antes do xuño de 2023. Os responsables de esta última acción será o equipo directivo.

- **Área de mellora: Liderado**

Obxectivo: *Deseñar un plan de impulso dixital no Centro.*

Con respecto a este obxectivo cabe sinalar que os resultados da enquisa SELFIE á pregunta “No noso centro contamos cunha estratexia dixital” obtivo unha valoración moi baixa por parte do profesorado (1,6). Dado este resultado entendemos que existe unha demanda por parte do profesorado de mellorar a xestión administrativa e académica do centro mediante o tratamento informático da información e documentación e o acceso á mesma por parte dos distintos axentes da comunidade escolar.

Inicialmente o noso valor de partida é a non existencia de dito plan.

Tentaremos conseguir que a finais do curso 2022-2023, sexa presentado ao Claustro o Plan de impulso dixital, e se procede, sexa aprobado.

O grupo de traballo será o encargado de estudar cales son as áreas administrativas e académicas do centro que son susceptibles de mellora utilizando o tratamento informático da información. Unha vez determinadas ditas áreas elaborará un documento que inclúa todas esas melloras e que será consensuado co equipo directivo. Finalmente será o equipo directivo quen presente este documento ao Claustro para a súa posible aprobación.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Neste apartado quedamos pendentes de realizar o inventario das infraestruturas e do equipamento tecnolóxico do centro. Unha vez realizado, presentariamos ao equipo directivo as necesidades concretas de infraestruturas e equipamento para que sexa enviada a solicitude a UAC para a súa valoración.

Se a solicitude da UAC fora negativa, presentaríamos ao equipo directivo un orzamento para dotar do maior número de aulas con acceso inalámbrico.

“Área/s de mellora”: Infraestruturas e equipos (C)

1. OBXECTIVO	RESPONSABLE	INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Valor de partida (3)	Valor previsto e data (4)	DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
									VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
Mellorar o acceso a internet en todas as aulas do centro para a utilización das tecnoloxías dixitais no ensino e a aprendizaxe.	Equipo directivo e grupo de traballo do Plan Dixital	Número de aulas que dispoñen de acceso inalámbrico.		Xuño de 2023					Realizada			
		Indeterminado ata o remate da acción AO1.1							Aprazada			
		25% das aulas sen acceso inalámbrico.							Pendente			
ACCIONES A DESENVOLVER												
									Realizada			
									Aprazada			
									Pendente			
AO1.1: Facer un inventario do equipamento tecnolóxico do centro, indicando o número de aulas con acceso inalámbrico.	Grupo de traballo				Finalización do 1º trimestre.				Realizada			
AO1.2: Presentar a o equipo directivo a proposta para facer a solicitude a UAC. No caso de que dita solicitude sexa valorada negativamente pola UAC, presentarse un orzamento para dotar ao maior número de aulas de acceso inalámbrico.	Grupo de traballo				2ª quincena do mes de Febreiro.				Aprazada			
AO1.3: Realizar as obras de acondicionamento necesarias para que as aulas dispoñan de acceso inalámbrico.	Equipo directivo				Ata fin de curso	Orzamento			Pendente			
									Realizada			
									Aprazada			
									Pendente			

"Área/s de mellora": Liderado (A)						
1. OBXECTIVO :	Deseñar un plan de impulso dixital no Centro.					Acadado
	RESPONSABLE:	Equipo directivo e grupo de traballo do Plan Dixital				
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Elaborar un documento que sexa aprobado polo Claustro.					
Valor de partida (3)	Non existe Plan					
Valor previsto e data (4)	Plan aceptado polo Claustro					
ACCÍONS A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Elaborar un documento para tratar de mellorar a xestión administrativa e académica do centro mediante o tratamento informático da información e documentación e o acceso á mesma por parte dos distintos axentes da comunidade escolar.	Grupo de traballo	Finalización do 2º trimestre.			Realizada	
A01.2: Acordar co equipo directivo o documento final que se presentará ao Claustro.	Equipo directivo e Grupo de traballo	Inicio do terceiro trimestre.			Aprazada	
A01.3: Presentación ao Claustro do Plan de impulso dixital.	Equipo directivo	Antes do fin do curso.			Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

(1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recomendase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) **INDICADOR**: Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.

(3) **VALOR de PARTIDA**: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(4) **VALOR PREVISTO**: Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCÍONS A DESENVOLVER:

(5) **DESCRIPCIÓN**: Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(6) **RESPONSABLES**: Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

(7) **DATA PREVISTA FIN**: Data concreta na que está finalizada a acción completamente.

(8) **RECURSOS NECESARIOS**: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN**: No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) **ESTADO**: Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

Para poder avaliar o plan, será necesario medir o grao de consecución dos obxectivos que nos marcamos. Tamén será necesario comprobar a efectividade das actuacións levadas a cabo.

Durante o primeiro trimestre do curso 2022-2023 realizaremos dúas reunións do grupo de traballo onde analizaremos o estado de execución das accións previstas para cada obxectivo. A primeira reunión será a principios do mes de novembro, e a segunda antes de acabar o primeiro trimestre. Nesta segunda reunión terá que estar finalizado o inventario do equipamento tecnolóxico do centro.

Durante o segundo trimestre realizaremos dúas reunións do grupo de traballo onde volveremos analizar o estado de execución das accións previstas para cada obxectivo. A primeira reunión será a mediados do mes de febreiro, e a segunda antes de acabar o segundo trimestre. Nesta segunda reunión terá que estar finalizado o documento do plan de impulso dixital.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

Antes de finalizar o curso realizarase unha última reunión para avaliar globalmente os resultados alcanzados e propostas de mellora para o seguinte curso.

5. Difusión do plan

No inicio do curso 2022-23, no claustro inicial, darase publicidade do Plan Dixital ao novo profesorado incorporado ao centro.

Ademais diso, este Plan Dixital, unha vez aprobado polo Claustro, será exposto na Páxina Web do noso centro para o coñecemento de toda a comunidade educativa.